

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA CASA DE CULTURA DE BERTAMIRÁNS INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DO PAS ANUALIDADE 2015 (PAS 2015).-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras de “Reparación e mellora Casa de Cultura de Bertamiráns” PAS 2015.

O dito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a dita obra.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de “Reparación e mellora Casa de Cultura de Bertamiráns” á empresa CYS HISPANIA SL, con CIF B-74.282.781, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cincuenta e cinco mil oitocentos vinte e nove euros e nove céntimos (55.829,09.- €) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de once mil setecentos vinte e catro euros e once céntimos (11.724,11.- €).

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra ao arquitecto Óscar Pidre Mosquera e coordinador de seguridade e saúde a Ignacio José Alonso Díaz da obra de “Reparación e mellora da Casa de Cultura de Bertamiráns”.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao alcalde-presidente do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 9 de marzo de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde